

V CONCURSO DE PROXECTOS EMPRESARIAIS INNOVADORES
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

PROXECTOS GAÑADORES

TERCEIRO PREMIO:

PROXECTO: SALBIA, Seguridade e hixiene alimentaria

PROMOTORES:

- Irma Moreno Hermida (Licenciada en Bioloxía, Bioloxía Molecular e Biotecnoloxía. Universidade de Santiago de Compostela).
- María Serantes Fernández (Licenciada en Bioloxía, Bioloxía Molecular e Biotecnoloxía. Universidade de Santiago de Compostela).

RESUMEN:

O que SALBIA propón é crear un Laboratorio e consultoría de seguridade e hixiene de alimentos: Os servizos que van a ofertar nesta empresa son: análise de augas e alimentos, manuais e plans APPCC (Análise de perigos e puntos de control crítico) e impartir a formación necesaria para a capacitación na obtención do Carné de Manipulador de Alimentos.

Debido a existencia do R.D. 66/2001, de 14 de setembro, que obriga ás empresas que manipulen alimentos en todo ou en parte do seu proceso productivo, a certificar ás Autoridades Sanitarias Competentes que as súas boas prácticas de Hixiene Alimentaria aseguran produtos inocuos e salubres, isto crea unha demanda constante e real de realización de Proxectos A.P.P.C.C.

Os servizos que se ofrecen van dirixidos as pequenas e medianas empresas que na súa actividade ou en parte se dediquen á manipulación dalgún tipo de alimento.

SALBIA xa está constituída e iniciando a súa actividade en UNINOVA.

SEGUNDO PREMIO

PROXECTO: DISPERFUEL CONSULTING S.L.

PROMOTORES:

- Paula Verónica Messina (Doutora en Química. Universidade Nacional el Sur de Bahía Blanca).
- Pablo Carlos Schulz (Profesor Titular de Fisicoquímica. Universidade Nacional del Sur).
- Felix Sarmiento Escaloma (Profesor Titular. Universidade de Santiago de Compostela. Decano da facultade de Física da Universidade de Santiago de Compostela).
- Gerardo Prieto Estevez (Profesor Titular de Física Aplicada. Universidade de Santiago de Compostela).

RESUMEN:

Consultora que presta asesoramento ás industrias para o tratamento de residuos de hidrocarburo resultado da manipulación dos mesmos ou no caso de vertidos accidentais. De forma que as medidas de limpeza se leven a cabo utilizando técnicas, incluídas aquelas para a eliminación dos residuos, que minimicen o dano ecolóxico.

Grado de innovación do produto, proceso ou servizo:

Estudios pormenorizados para cada caso en concreto.

Busca de solucións máis adecuadas para cada problema.

Desenvolvemento continuo de produtos e solucións novas.

DISPERFUEL aínda é un proxecto en fase de maduración.

É unha empresa de servizos globais, centrada na xestión de información e documentación, en calquera dos seus formatos (papel, dixital,...) organizándoa, clasificándoa e almacenándoa para a súa consulta ou conservación definitiva ou permanente.

A innovación está no propio proceso, consistente en aglutinar nunha empresa todas as solucións relativas ao tratamento, organización e conservación de información e documentación.

Entre os produtos que se ofertan están:

- Consultoría en xestión de información e documentación
- Tratamento técnico da información e documentación
- Formación en técnicas de xestión documental

PRIMEIRO PREMIO

PROXECTO: MESTRELAB RESEARCH

PROMOTORES:

- Juan Carlos Cobas Gómez (Doutor en Química. Universidade de Santiago de Compostela).
- Francisco Javier Sardina López (Catedrático de Química Orgánica, Director de RIAIDAT. Universidade de Santiago de Compostela).
- Santiago Domínguez Vivero (Director Nacional de Ventas para el Reino Unido de Enviro Solve UK, Ltd).

RESUMEN:

MESTRELAB dedícase ao desenvolvemento e comercialización de aplicacións de software científico con especial énfase no procesamento e interpretación de sinais dixitais, particularmente en aplicacións químicas e biomédicas.

Actualmente a empresa está comercializando o programa MestreC, un programa para o tratamento de datos de Resonancia Magnética Nuclear. Este programa está sendo utilizado actualmente por máis de 18.900 usuarios en todo o mundo. Xa compraron licencias de uso do programa importantes empresas farmacéuticas e universidades, e outras moitas están en proceso de confirmación de compra.

MESTRELAB RESEARCH está constituída e iniciando a súa actividade. Está dentro do programa Empresa Concepto da Universidade de Santiago de Compostela.